



Esixe do SERGAS e do Sr Feijoo que recoñeza que as medidas de conciliación tamén son para o persoal do SERGAS.

O xoves 12 de marzo publicouse no DOG a Resolución da Consellaría de Presidencia e Administracións Públicas, na que se recolle o protocolo de actuación para o persoal empregado/a público/a da Administración da Xunta de Galiza en relación co coronavirus COVID-19.

Cando Función Pública decreta unha resolución coma esta, aínda que non o recolla expresamente, somos conscientes que estas medidas están dirixidas as/os empregadas/os da Administración Autonómica, das cales o persoal do SERGAS ficamos excluídas/os.

Entre outras medidas recolle as seguintes:

4. Persoal especialmente sensible.

Se nalgún momento as recomendacións sanitarias así o aconsellan, poderanse adoptar medidas para que o persoal especialmente sensible se poida ausentar do posto de traballo, entendendo por este o seguinte:

- Empregados/as públicos/as con patoloxías concorrentes ou enfermidades crónicas.
- Empregadas públicas embarazadas.
- Empregados/as públicos/as con fillo/s ou filla/s menores de idade ou con persoas dependentes.

Fronte a isto o persoal do SERGAS recibimos unha instrución do Xerente do SERGAS nas que só nos comunica, que como xa sabíamos, como persoal dun servizo esencial, **de ser necesario aplicaríanse recortes nos nosos dereitos laborais tales como:**

- Suspensión de días libres, vacacións, suspensións dos cómputos de xornada e incremento da mesma.

Como sempre, como durante estes 10 anos de recortes, as/os traballadoras/es da Sanidade Pública imos facer todo o posible para que as persoas reciban a mellor asistencia posible, aínda que este goberno siga recortando dereitos e cadro de persoal e nunca se lembre de devolvelos.

Só queríamos subliñar que para esta Consellaría e para o Sr Feijóo non contamos como persoas, xa que na instrución que envían **non transmiten ningunha sensibilidade coas necesidades familiares que o persoal do SERGAS poida ter**, xa que tamén temos fillas/os e persoas maiores ao noso cargo.